



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE MARZO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de marzo de dous mil dezaseis; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado sete de marzo de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

**INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitud de información urbanística interesada por **DON JULIO GREGORIO VAZQUEZ**, con domicilio en Prexigueiro nº 75, Ribadavia, con número de expediente **RIB/N/22/16**. A proposta do Sr. Alcalde e visto o correspondente informe técnico de data 14.03.2015.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, relativo a parcela sita na estrada OU-801-Ribadavia (OU-405),Lim, Prov. Ponte Barxas.P.K. 3,23 M.D. Fontan de Medo (Ref. Catastral 32070A050008910000YY, 32070A050008920000YG, 32070A050008930000YQ e 32070A050008920000YPY a solicitude de **Don Julio Gregorio Vázquez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

**INFORME DO ARTIGO 41 DA LEI 9/2002 DE 30 DE DECEMBRO.-**

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da arquitecto municipal de data 8 de febreiro de 2016, informa favorablemente o expediente de referencia (RIB/C/100.1/15) a nome de Don José Antonio Leis Ferreiro, para a instalación dun piscina prefabricada nun inmovible sito na rua Fontiña nº 30, San Paio (con referencia castral núm. 32070A044000640000YB), ordenando a súa remisión ao servizo Provincial de Urbanismo



téndose observado o preceptivo trámite que determina o artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, declarando compatible a actuación a realizar co artigo 39 e ss. da citada norma.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Alis Cuiñas Sánchez**, con domicilio na rúa Grande nº 35, San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 08-03-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Non houbo.-

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PROFESOR CONSERVATORIO-ESCOLA DE MÚSICA DE RIBADAVIA.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de Alcaldía de bases de selección para a contratación dunha praza de profesor de Conservatorio de Música-Escola de Música de Ribadavia, especialidade violín, modalidade de contrato de interinidade a tempo completo, asinadas polo mesmo con data 14.03.2016.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir a praza de profesor de Conservatorio de Música-Escola de Música de Ribadavia, especialidade violín.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as doce e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**